



MARTES

Un espectáculo de:

Espectáculo para **público familiar**

Recomendado de 2 a 7 anos

Co apoio de:



www.baobabteatro.com



Axencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA




Sinopse

Érase unha vez unha galaxia, a galaxia Leo T, formada por planetas, estrelas e Martes. Martes é un ser espacial que vive entre a lúa e as estrelas. Gústalle xogar con elas e nunca, nunca se separan. Martes tenlle medo a todo, por iso nunca saíu da lúa, dorme no seu regazo e sácalle brillo para non quedar ás escuras. Martes ten un amigo, "Pin", co que xoga sen cesar.

Un día, un monstro come a Pin e as súas estrelas. Martes terá que enfrontarse aos seus propios medos para poder salvarlos e para iso inicia unha viaxe máis alá do sol. No camiño coñecerá divertidos e estraños personaxes que nos sorprenderán coas súas tolas historias.

MARTES é unha historia de superación dos nosos propios medos, unha historia onde todo pode ser posible.

Ás veces, as aparencias enganan, nin os máis grandes son tan malos nin os pequenos tan bos; na Galaxia Leo T, onde vive Martes, todos son diferentes pero a súa convivencia é posible.




Historia de Baobab Teatro

Andrea Bayer e Óscar Ferreira comezan a súa nova andaina en Baobab Teatro, unha compañía nova que nace a mediados do 2010, tanto Óscar como Andrea teñen unha amplísima experiencia no eido do teatro infantil despois de pasar por diferentes compañías, Teatro Akatro, Pavís Pavós, Galitoun.

Andrea Bayer acadou no ano 2012 unha Mención de Honor no III Concurso Internacional Cuento en corto convocado por la Red Internacional de cuentacuentos y la Escuela de escritores de Madrid.

Andrea Bayer é coñecida no mundo teatral por ter dirixido e escrito diferentes espectáculos como "Golulá" (Premio ao mellor espectáculo Infantil na X Feria de Ciudad Rodrigo, Premio ao espectáculo máis innovador na XXIV Mostra de Teatro de Ribadavia.





Espectáculo mellor valorado polo público infantil na IX edición da Programación de Domingos do Principal 2008),
"Babiliglub" (Participou en Fetén 2008),
"Fíos" nomeado aos premios MAX 2013 por "Mejor autoría teatral gallega".

Óscar Ferreira conta cunha amplísima experiencia como titiriteiro, construtor de monicreques e escenografías. Ten participado en diferentes espectáculos teatrais ("Que medo, que medo", "Golulá", "Babiliglub",...) así como programas de T.V. (Luar, Nika, Cousiñas, Os Bolechas...)

Martes é o Cuarto espectáculo que presenta Baobab Teatro e a continuación dunha compañía que aboga polo teatro infantil de calidade e quere deixar pegada cos seus espectáculos, traballando un teatro de emocións, cargado de sentimentos e boas historias.





Ficha Artística

Dirección:

Andrea Bayer

Dirección de manipulación:

Óscar Ferreira

Actores e titiriteiros:

Óscar Ferreira e Xurxo Cortázar

Deseño de personaxes:

Óscar Ferreira, Begoña Paz e Pablo Parada

Escenografía, aderezo e monicreques:

Óscar Ferreira, Pablo Parada e Juan Silva

Deseño e iluminación:

Óscar Ferreira e Pablo Parada

Deseño Sonoro:

Daniel Abalo

Música:

Elena Paz, Xosé Liz e Daniel Abalo

Deseño e publicidade:

Ovo Publicidade (Ismael Calvo)


Guión:

Andrea Bayer

Material Audiovisual:

Victor Moreno (LIAFilms)





Rider

Duración

- 45 minutos.

Medidas mínimas

- 4,5 metros de boca.
- 2,5 metros de alto.
- 3 metros de fondo.

Son

- Equipo de PA adaptado ás dimensións da sala. En caso de que o público se sente a varias alturas (anfiteatros, palcos...), contarase con PA orientada a eses puntos.
- Mesa de son con un mínimo de 2 entradas de micro e 2 de línea.
- 1.-Ecualizador gráfico 31 bandas estéreo
- 2.-Monitores en 1 envío Post-Fader con ecualización (un a cada lado do escenario detrás da primeira pata)
- Transporte de sinal entre o escenario e mesa, cableado e amplificación necesarios para conexionar todo o equipo.

Iluminación

A compañía leva todo o que se precisa para realizar a función.

Nota

- Imprescindible o escuro TOTAL da sala.
- Tempo estimado de montaxe: 3 horas.
- Tempo estimado de desmontaxe: 1 hora 30 minutos.
- Camerino para 3 persoas con WC e ducha con auga quente.
- 1 responsable de sala á chegada da compañía durante a montaxe, representación e desmontaxe.

